

PATACA ECOLÓXICA


Introducción.

Cada día os produtos ecolóxicos están máis en alza. A pataca non é un produto que se manteña á marxe destas tendencias, senón todo o contrario, existe unha demanda crecente de pataca ecolóxica e por isto fixemos o presente ensaio.

Como podemos observar no gráfico, ámbalas dúas variedades probadas quedáronse algo cortas en canto a produción

que no caso da variedade ALMERA se viu máis acentuado con preto de 4 tm de calibres superiores a 75 mm.

CONCEPTO	OBSERVACIÓNS
Fertilizado	40 Tm/Ha. de esterco de gando vacún tratado con activadores.
Sementeira	Fíxose o 1/6/99.
Nacemento	19/6/99 con graves ataques de rosca (verme gris).
Tratamentos	En ningún momento se utilizaron herbicidas nin produtos que non foran ecolóxicos.
Labores culturais	Déronse dous pases de cultivadores (aradas) e unha sachada a man.
Regos	Aplicáronse tres regos totalizando 90L/m2.
Colleita	Fíxose o 7 de outubro a man.



Como observamos na táboa, o comportamento en frito de agria é excelente, desbotándose tan só un 1%, así mesmo os valores de materia seca e azucres reductores son bos. A variedade ALMERA como pataca para consumo en fresco ten un bo contido en seca e medios en cocción.

VARIETADE	FRITO EN CHIPS		FRITAS		Pardeamento en cocción	Pardeamento en cru	% Materia seca	% Almidón	% Azucres referido ó Peso Total	% Azucres referidos a Materia seca
	Valoración (1-9)	% desbotable	V. Prefrito	V. Frito						
AGRIA	8	1	7	7	7	6	23,58	16,63	0,20	0,84
ALMERA	2	63	5	4	5	5	21,23	14,22	0,59	2,79

Ámbalas dúas variedades presentan un bo aspecto externo, non existindo manchas nin sarna. Teñen unha boa uniformidade na carne.

debido fundamentalmente á perda de plantas provocada polos ataques de rosca (*Agrotis segetum*). Nembargantes é de destacar que case non existen perdas por refugallo, a maioría dos tubérculos tiñan un tamaño bastante homoxé-neo tirando a grande



Conclusiones.

A produción de patata ecolóxica sen dúbida leva a unha mellora da calidade fronte a outro tipo de cultivo en pataca. O seu rendemento estará condicionado a un mellor control de certas pragas e a un crece-mento vexetativo rápido para evitar fortes infeccións de malas herbas.